



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 52

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.dicoruna.es

WEB: www.boqueixon.com

BASES CAMPAÑA SOLIDARIA DE RECOLLIDA DE XOGUETES “COMPARTE XOGUETES, COMPARTE NADAL”

O Concello pretende poñer en marcha unha campaña baixo o lema “Comparte xoguetes, comparte Nadal”. Trátase dunha acción solidaria que pretende contar coa colaboración da poboación, consistente por unha parte en doar xoguetes por parte de familias e por outra parte que familias do municipio poidan demandar ese xoguetes doados.

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA

O xogo é un aspecto esencial para o crecemento dos nenos e nenas: axuda a facer amigos, a relacionarnos cos demais, a desenvolver habilidades e capacidades. Con esta campaña preténdese:

- Reutilizar , porque regalar xoguetes usados é unha das mellores formas de reutilizar.
- Fomentar unha cultura solidaria entre a poboación.
- Concienciar ás familias da importancia de compartir xoguetes e por tanto do seu coidado para poder ser doados a outros nenos/as.

Características dos xoguetes:

Só se admitirán xoguetes acordes ás idades de 0 a 12 anos, que non sexan bélicos ou violentos, preferiblemente educativos, que estén en bo estado de conservación, non deteriorados (no caso de xoguetes de pilas, teñen que traelas funcionando)

SEGUNDA: BENEFICIARIOS

Para ser beneficiarios teranse en conta as seguintes condicións:

- Poderán ser doantes de xoguetes calquera persoa interesada.
- Poderá ser receptora dos xoguetes doados calquera familia empadroada e residente no Concello de Boqueixón que o solicite no prazo establecido.

TERCEIRA: PRAZOS E PUBLICIDADE

- O Concello de Boqueixón procederá á publicación do cartel anunciador da campaña na súa páxina web www.boqueixon.com e nos lugares de costume situados nas distintas parroquias, a partir do día 10 de novembro.

O prazo, tanto para a recepción dos xoguetes coma para a recepción de solicitudes, rematará o día **30 DE NOVIEMBRE DE 2012**, sendo entregados no Casa do Concello de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

- Unha vez rematado o prazo de admisión de solicitudes e recepción de xoguetes o persoal encargado realizará un inventario dos xoguetes recibidos e elaborará unha lista que será remitida ós solicitantes abríndose un prazo de 3 días para que poidan establecer a orde de preferencia de entre todos os xoguetes do inventario.
- Unha vez recepcionadas as peticións de preferencia, a comisión reunirse para baremar os criterios de preferencia e facer a adxudicación entre todos os solicitantes.

CUARTA: COMISIÓN SELECCIONADORA

Estará formada polos seguintes membros:

PRESIDENTE: ROSARIO IGLESIAS IGLESIAS

SECRETARIA: M^a VICTORIA NEGRÍN BLANCO

VOGAL 1: INMACULADA BEGOÑA BEIS GÓMEZ

VOGAL 2: PASCUAL VILLAVERDE NÚÑEZ

CUARTA: CRITERIOS DE SELECCIÓN DOS BENEFICIARIOS

1 Situación sociofamiliar:

1.1. Por cada membro menor de 12 anos a cargo da unidade familiar: 2 puntos

1.2 Por minusvalía física, psíquica ou sensorial de calquera membro da unidade familiar: 3 puntos por cada un.

1.3 Por familia numerosa: 3 puntos

2. Situación laboral familiar:

2.1 Situación laboral de desemprego dos membros da unidade familiar:

5 puntos por cada un.

2.2. Situación laboral de empregado dos membros da unidade familiar (se non presentan tarxeta de desemprego entenderáse que traballan): Resta 1 punto por cada un.

3.- Orde de preferencia dos xoguetes solicitados.

Documentación a presentar:

- Tarxeta do paro de ser o caso.
- Certificación de minusvalía, de ser o caso.
- Título de familia numerosa.

Entenderase por unidade familiar a composta polos pais e fillos/as, según figura no padrón municipal

En caso de empate a comisión seleccionadora dirimirá esta situación.

De existir xoguetes sobrantes, éstos serán doados a outras institucións para a súa distribución.